

Dirección Xeral de Formación Profesional

Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS Xan Viaño - Ferrol

Materia: Viola

Curso: 2024/2025

INDICE

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	5
3. Atención á diversidade	6
3.1 Atención á diversidade	6
3.2 Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE)	6
3.3 Adaptacións curriculares	7
4. Temas transversais	8
4.1 Educación en valores	8
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	8
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	9
6. Secuenciación dos curso	10
6.1 Secuenciación do curso – 1º Grao Elemental	10
6.1.1 Obxectivos	10
6.1.2 Contidos	10
6.1.3 Avaliación	11
6.1.4 Medidas de recuperación	16
6.1.5 Recursos didácticos orientativos	17
6.2 Secuenciación do curso – 2º Grao Elemental	18
6.2.1 Obxectivos	18
6.2.2 Contidos	18
6.2.3 Avaliación	19
6.2.4 Medidas de recuperación	24
6.2.5 Recursos didácticos orientativos	25
6.3 Secuenciación do curso – 3º Grao Elemental	26
6.3.1 Obxectivos	26
6.3.2 Contidos	26
6.3.3 Avaliación	28
6.3.4 Medidas de recuperación	32
6.3.5 Recursos didácticos orientativos	33
6.4 Secuenciación do curso – 4º Grao Elemental	35
6.4.1 Obxectivos	35
6.4.2 Contidos	36
6.4.3 Avaliación	37
6.4.4 Medidas de recuperación	42
6.4.5 Recursos didácticos orientativos	42
6.5 Secuenciación do curso – 1º Grao Profesional	44
6.5.1 Obxectivos (en groso os mínimos exixibles).	44
6.5.2 Contidos (en groso os mínimos exixibles).	44
6.5.3 Avaliación	45
6.5.4 Medidas de recuperación	50
6.5.5 Recursos didácticos orientativos	50
6.6 Secuenciación do curso – 2º Grao Profesional	52
6.6.1 Obxectivos (en groso os mínimos exixibles)	52
6.6.2 Contidos (en groso os mínimos exixibles)	52
6.6.3 Avaliación	53
6.6.4 Medidas de recuperación	58

6.6.5	Recursos didácticos orientativos	58
6.7	Secuenciación do curso – 3º Grao Profesional	60
6.7.1	Obxectivos (en grosos os mínimos exixibles)	60
6.7.2	Contidos (en grosos os mínimos exixibles)	60
6.7.3	Avaliación	61
6.7.4	Medidas de recuperación	66
6.7.5	Recursos didácticos orientativos	66
6.8	Secuenciación do curso – 4º Grao Profesional	68
6.8.1	Obxectivos (en grosos os mínimos exixibles)	68
6.8.2	Contidos (en grosos os mínimos exixibles)	68
6.8.3	Avaliación	69
6.8.4	Medidas de recuperación	74
6.8.5	Recursos didácticos orientativos	74
6.9	Secuenciación do curso – 5º Grao Profesional	76
6.9.1	Obxectivos (en grosos os mínimos exixibles)	76
6.9.2	Contidos (en grosos os mínimos exixibles)	76
6.9.3	Avaliación	77
6.9.4	Medidas de recuperación	82
6.9.5	Recursos didácticos orientativos	82
6.10	Secuenciación do curso – 6º Grao Profesional	84
6.10.1	Obxectivos (en grosos os mínimos exixibles)	84
6.10.2	Contidos (en grosos os mínimos exixibles)	84
6.10.3	Avaliación	85
6.10.4	Medidas de recuperación	89
6.10.5	Recursos didácticos orientativos	90
7.	<i>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</i>	92
8.	<i>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</i>	93
9.	ANEXOS	94
9.1	Probos de acceso 1º de grao profesional	94
9.2	PROBAS DE ACCESO DE 2º A 4º G.E.	97
9.3	PROBAS DE ACCESO DE 2º A 6º G.P.	106
9.4	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.	125
9.5	A Clase Colectiva	127
9.6	Viola – Segundo Instrumento	129
9.7	Protocolo e solicitude de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula)	137
9.8	Triangulación dos elementos básicos do currículo	140

1. Introducción

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Ditas características veñen ditadas no posterior Decreto 198/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Así mesmo, a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación dá concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol.

2. Metodoloxía

O modelo que se presenta está baseado na metodoloxía activa e en espiral pola necesidade de recordar contidos anteriores e de relacionalos á súa vez con contidos doutras materias, o que lle dará unha dimensión global e interdisciplinar. O resultado propiciará a participación activa do alumnado, combinando a teoría e a práctica, a construción do coñecemento a partir da resolución de problemas, a interacción entre o alumnado mediante o traballo colaborativo e o desenvolvemento das competencias. Entre elas a de aprender a aprender, buscando sempre espertar e manter a motivación intrínseca do alumnado.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe parte do aprendizaxe significativo, o cal susténtase sobre os coñecementos previos a partir dos cales os novos coñecementos asimílanse e acomódanse de xeito razoado e analítico, evitando a mera repetición.

Tendo en conta os rápidos cambios fisiolóxicos que se presentan en estas idades, é de especial importancia realizar un seguimento constante de posibles tensións que poidan xurdir, así como ensinar a escoitar o corpo e agudizar a conciencia corporal.

Todo isto levarase ao cabo nun ambiente instrutivo, no cal os erros, lonxe de asociarse cunha connotación e experiencia negativa, enténdanse como unha información neutral que dará a oportunidade de aprender e mellorar.

De cara a fomentar unha maior autonomía no alumnado e por tanto, un proceso de aprendizaxe máis enriquecedor, buscarase establecer uns obxectivos claros e concisos, establecendo un diálogo entre o docente e alumnado que potencie o respecto, a crítica e a autocrítica.

O aprendizaxe significativo fundaméntase nos seguintes principios:

1. Adecuarse ás necesidades específicas individuais.
2. Traballar sistematicamente as dificultades técnicas e expresivas.
3. Establecer unha rutina de estudo eficaz e saudable.
4. Investigar as características histórico-estilísticas do repertorio.
5. Reforzar o estudo co uso de medios tecnolóxicos.
6. Motivar ao alumnado, reforzando a súa individualidade e autonomía.

O docente estará en comunicación frecuente coas familias ao longo do curso académico, buscando a súa colaboración para acadar un mellor rendemento do alumnado e informando da súa evolución sempre que o considere preciso.

3. Atención á diversidade

Esta PD inclúe un tratamento particular á diversidade e á atención ao alumnado con necesidades específicas que precisan dun apoio educativo, seguindo as directrices establecidas na regulación do Decreto 229/2011 do 7 de decembro.

As actuacións plantexadas reparan nun concepto inclusivo da educación que axuda a establecer unha serie de prioridades como:

- a) Adecuar o proceso educativo ás necesidades individuais, optimizando o seu potencial de desenvolvemento;
- b) Promover situacións que garanticen a participación do alumnado;
- c) Ofrecer medidas de reforzo e acompañamento educativo;
- d) Avaliar de maneira temperá as dificultades e identificalas antes de que se convertan nun problema;
- e) Observar cómo o alumnado aprende mellor segundo os seus niveis competenciais;
- f) Construír estruturas de colaboración de toda a comunidade educativa;
- g) Implicar ás familias no proceso educativo.

O obxectivo de acadar que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal e social posible require facilitar unha educación adaptada ás súas singularidades.

3.1 Atención á diversidade

A atención educativa á diversidade concíbese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuarse ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e culturais de todo o alumnado. A diversidade ven determinada tanto pola singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural do alumnado, como pola singularidade de cada familia, do profesorado, das particularidades do propio centro e de toda a comunidade educativa no seu conxunto. Dende este prisma, a música pode ser un elemento determinante de igualdade e integración social

3.2 Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE)

A Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación no Capítulo I, artigos 71, 76 y 79 bis, modificada por la LOMCE, aborda o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a cal esixe asegurar os recursos necesarios que den atención educativa diferente á ordinaria cando se enmarcan en situacións como: TDAH, Trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade; DEA, Dificultades Específicas de aprendizaxe, que poden ser de: linguaxe (oral), lectura (dislexia), escritura (disgrafía) ou cálculo (discalculia); ECOPHE, Especiais condicións persoais ou de historia escolar, debidas a: limitacións culturais,

escolarización desaxustada (absentismo, cambios de centro, etc...) condicións persoais, de saúde ou funcionais; ou relacionadas coa comunicación e a linguaxe; ALCAIN, Altas capacidades intelectuais; INTARSE, Incorporación tardía ao sistema educativo; NEE, Necesidades educativas especiais, incluíndo a discapacidade intelectual, motora, visual ou auditiva, así como TXD, trastorno xeneralizado de desenvolvemento e TGC, trastornos graves de conducta.

Por outra parte, cabe reseñar que a Comunidade Autónoma de Galicia contempla unha serie de protocolos sobre estratexias de convivencia escolar entre as que se inclúen a actuación ante situacións de acoso, prevención del suicidio, protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno con espectro autista (TEA) e trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), entre outras, recollidas na sede: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

3.3 Adaptacións curriculares

Tanto o Decreto 198/2007 coma o Decreto 203/2007, especifican que as adaptacións curriculares han de respectar no esencial os obxectivos de ditos decretos, polo que tampouco poderán ser modificados os contidos nin os criterios de avaliación. Poderanse realizar adaptacións curriculares non significativas, que permitirán priorizar determinados elementos curriculares e aplicar os mínimos esixibles para a avaliación.

En caso de contar cun alumno que precise dunha ACIS, informarase previo permiso dos pais, ao xefe de departamento e ao equipo directivo do centro e contactarase co departamento de orientación do seu centro de estudos para fixar as pautas de actuación.

4. Temas transversais

Os temas transversais son un conxunto de contidos de ensinanzas esencialmente actitudinais. Abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado dende a interdisciplinabilidade.

De xeito paralelo as ensinanzas, deberán ser amosados ao alumnado temas como os seguintes:

- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos
- Educación para a saúde
- Educación cívica e moral
- Temas propios da Comunidade Autónoma Galega.
- Educación para a convivencia, a paz e a cidadanía
- Educación en e para os dereitos humanos

4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquira coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición do profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar ao alumnado a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Veñen determinadas pola Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010 do 30 de decembro. Asimesmo, a propia normativa que regula as Ensinanzas Profesionais de música contempla como obxectivos nos seus artigos 2 do RD 1577/2006 e art. 2 e 6 do Decreto 203/2007: compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo e participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o disfrute da música.

É neste marco no cal as actividades de promoción das ensinanzas cobran especial importancia e protagonismo. A súa finalidade principal será dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e da súa contorna así como servir de factor de motivación e de complemento da súa formación musical. Poderán ser organizadas polo departamento de forma interdisciplinar con outros departamentos ou en colaboración co ANPA ou outras institucións externas. Entre outras moitas propostas posibles, pódese prantexar: saídas didácticas, asistencia a concertos, intercambio con outros centros ou cursos de formación.

6. Secuenciación dos curso

6.1 Secuenciación do curso – 1º Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

O1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.

O2. Amosar sensibilidade auditiva recoñecendo a calidade do son e a afinación, identificando se está alto ou baixo e sendo capaz de entoar as pezas propostas.

O3. Interpretar o repertorio proposto respectando as indicacións da partitura (matices, pizz, ligaduras) cunha afinación xusta e unha calidade sonora adecuada.

O4. Adquirir e desenvolver progresivamente mediante o estudo de escalas, arpexios e exercicios específicos destrezas técnicas que favorezan as capacidades interpretativas (dúas primeiras formacións da man esquerda, combinación diferentes ritmos e golpes de arco)

O5. Interpretar estudos e obras nas dúas primeiras formacións da man esquerda, golpes de arco simples, matices elementais, a só, con acompañamento de piano e tamén en grupo.

O6. Amosar facilidade na memorización e lectura a vista de fragmentos apropiados a este nivel

O7. Coñecer as partes do instrumento e do arco, poñer en práctica as pautas básicas de limpeza e mantemento do mesmo e coidar do material de traballo.

O8. Interpretar en público e de memoria un repertorio acorde con este nivel

O9. Desenvolver técnicas de estudio correctas e eficaces: regularidade diaria na práctica de estudio, organización do tempo, traballo autónomo, constante autoavaliación e escoita activa; e amosarse receptivo ás indicacións do docente.

6.1.2 Contidos

C1. Posición do corpo e do instrumento

C1.1 Exercicios para a consecución dun bo equilibrio corporal e control muscular.

C1.2 Exercicios para a correcta colocación do arco e da viola.

C2. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son e afinación estable.

C2.1 Identificación de fallos no son e calidade constante na produción do mesmo.

C2.2 Iniciación á afinación do instrumento.

C3. Nocións básicas sobre características e mantemento do instrumento.

C4. Colocación da man esquerda e dominio das dúas primeiras formacións na primeira posición (semitón entre 2-3 dedos, e entre 1-2).

C4.1 Escalas e arpexios correspondentes a estas dúas formacións.

C4.2 Exercicios específicos para unha correcta colocación, articulación e independencia dos dedos.

C5. Producción sonora

C5.1 Exercicios para procurar un bo punto de contacto e comprensión elemental da distribución do arco.

C5.2 Exercicios básicos de cambio de corda.

C5.3 Golpes de arco básicos: detaché, staccato e legato.

C6. Pizzicatos coas dúas mans

C7. Iniciación na execución de diferentes matices e dinámicas.

C8. Memorización de obras ou pezas sinxelas.

C9. Desenvolvemento da lectura a primeira vista.

C9.1 Iniciación á lectura na clave de Do en 3a liña

C10. Interpretación de obras que presenten esixencias técnicas correspondentes a este nivel

C11. Interpretación en público e de memoria coñecendo o protocolo de concerto e mostrando capacidade comunicativa (a só, en grupo ou con acompañamento de piano).

C12. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces: regularidade diaria na práctica de estudo, traballo autónomo, estudo lento e escoita activa; e asimilación das indicacións do docente con atención e interese.

6.1.3 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2o da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

A avaliación inicial ou diagnóstica determinará en que punto de aprendizaxe se atopa o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A avaliación continua realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A avaliación final levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

Criterios de avaliación

CA1. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual CT, CAc

CA2. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos CT

CA3. Amosar o dominio das dúas primeiras formacións da man esquerda CT

CA4. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria CE

CA5. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces CAc

CA6. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son CT

CA7. Interpretar en público e de memoria, obras representativas do seu nivel amosando confianza e respectando o protocolo de concerto CAc

CA8. Interpretar obras do curso, respectando as indicacións da partitura e mostrando unha afinación estable e son adecuado CT, CE

CA9. Realizar un bo coidado e mantemento do instrumento e do material de traballo CAc

CA10. Prestar atención ás indicacións do docente e amosar interese nunha boa execución das mesmas CAc

CA11. Mostrar facilidade na lectura a vista de fragmentos sinxelos CT

CA12. Amosar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos. CT

CA13. Amosar unha boa articulación e independencia dos dedos da man esquerda e coordinación co movemento do arco

CAc: Criterio actitudinal / CT: Criterio técnico / CE: Criterio estético

Mínimos esixibles

- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do arco mantendo unha boa postura corporal e economía muscular
- Tocar cordas ao aire empregando todo o arco, con diferentes golpes de arco e distintas combinacións e lonxitudes do mesmo
- Amosar o dominio das dúas primeiras formacións da man esquerda.

- Adquirir unha posición relaxada da man esquerda e unha boa coordinación co movemento do arco
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica: arco paralelo á ponte, calidade sonora, afinación estable e ritmo correcto.
- Amosar unha sensibilidade auditiva que permita recoñecer unha boa calidade sonora e afinación xusta.
- Interpretar en público e de memoria un repertorio adecuado ao nivel como mínimo nunha audición durante o curso
- Estudar e interpretar de memoria correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre

- Unha escala da 1ª Formación (consultar anexos) combinando golpes de arco e ritmos sinxelos.
- Pequenos exercicios de técnica.
- Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co/coa profesor/a.

Segundo trimestre

- Tódalas escalas da 1ª Formación con arpejos combinando golpes de arco e ritmos sinxelos.
- Pequenos exercicios de técnica
- Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co/coa profesor/a.

Terceiro trimestre

- Escalas da 1ª e 2ª Formación con arpejos combinando golpes de arco e ritmos sinxelos.
- Pequenos exercicios de técnica
- Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co/coa profesor/a.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos

Coa finalidade de adaptarse a cada situación e ás necesidades do alumnado, os procedementos e ferramentas de avaliación serán múltiples e variadas. Os principais procedementos serán:

a) Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o profesorado pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumnado, esencial para a súa correcta avaliación.

b) Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que esquecer que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, o profesorado da especialidade de viola organizará, ao longo do curso, audicións, probas e concertos, todos istos de carácter público, co fin de que o alumnado poida demostrar a asimilación e o desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando só, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros/as profesores/as de especialidades afines para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre o alumnado e a unificación de criterios entre o profesorado, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias. Proporase ao alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis á hora de avaliar ao alumnado.

c) Outras. A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensa e sabe, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar ao alumnado e o análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

Ferramentas de avaliación

- Rexistro do profesorado. Onde se anotarán comentarios e análises sobre os avances, así como as cualificacións de cada sesión.
- Diario de estudo do discente. Organizaranse os obxectivos semanais. O discente será o responsable de organizar o traballo día a día na libreta, así como de apuntar as dúbidas que lle poidan xurdir durante o estudo, revisándose todo posteriormente en cada clase.
- Gravacións de audio e vídeo. Sempre que se conte coa autorización das familias, as clases, ensaios e audicións serán gravadas, permitíndolle ao discente visualizalas posteriormente. Será un instrumento imprescindible para adquirir unha maior autonomía e un sentido crítico de carácter construtivo e obxectivo. O profesorado terá tamén a ocasión de realizar posteriores escoitas que lle axudarán a avaliar dun xeito máis xusto e analítico.

Criterios de cualificación

Nos **Procedementos Ordinarios**, a nota trimestral será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliados, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Traballo semanal: 60%	Audición: 40%
Criterios técnicos: 45%	Criterios técnicos: 45%
Criterios estéticos: 35%	Criterios estéticos: 35%
Criterios actitudinais: 20%	Criterios actitudinais: 20%

No caso de non ter realizado audición nese trimestre, a porcentaxe do traballo semanal pasará a ser do 100%.

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Nas **Probas Extraordinarias, ampliación de matrícula e alumnado que non asiste regularmente ás clases** (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), aplicarase as seguintes porcentaxes:

Proba Extraordinaria: 100%
Criterios técnicos: 60%
Criterios estéticos: 40%

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os docentes de tódalas materias consideren que pode superar os do seguinte; o protocolo para seguir está detallado nos anexos (9.6).

O/A titor/a do alumnado que desexe ampliar matrícula deberá poñerse en contacto co resto do profesorado ao comezo do curso e dentro dos prazos estipulados polo Centro.

A proba de Viola consistirá na presentación dun programa de tres pezas do curso que quere superar; as pezas poderán ser consultadas no apartado [6.1.5. Recursos didácticos orientativos](#) e terán que ser cotexadas e aprobadas polo/a docente con tempo suficiente.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumnado supere os obxectivos e contidos do curso de tódalas materias

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos/as titores/as do alumnado...

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero no caso do alumnado que non asista de xeito regular a clase (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), este terá que interpretar un

repertorio de tres pezas o cal deberá ser consensuado e aprobado polo/a docente; de igual xeito, tamén fixarán un día e hora para a realización da proba que deberá ser antes de finalizar o III Trimestre, sendo preferentemente o día da semana e hora marcado no horario ao inicio do curso. O repertorio orientativo está a disposición do alumnado no derradeiro apartado de cada curso desta programación ("Recursos didácticos orientativos"). O alumnado deberá aportar o pianista acompañante, no caso de ser necesario.

Probas extraordinarias

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán amosar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

O repertorio para a proba extraordinaria deberá acordarse co docente será notificado no seu correspondente informe de avaliación negativo, entregado xunto co boletín de notas ou enviado a través da plataforma Centros-Net.

6.1.5 Recursos didácticos orientativos

- Cohen, M.: Superstudies for viola, book I. Faber.
- Colledge, K. and H.: Stepping stones. Boosey & Hawkes.
- Colledge, K. and H.: Waggon Wheels. Boosey & Hawkes.
- Elgar, E.: Seis piezas fáciles. Bosworth.
- Mateu, E.: Iniciación a la viola. Real Musical.
- Nelson, Sh.: Right from the start. Boosey & Hawkes.
- Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.
- Sassmannshaus, E. and K.: Early Start on the Viola. Baerenreiter.
- Suzuki: Suzuki Viola School. Warner Bros Publ. Inc.
- Volmer, B.: Bratschenschule, vol. I Schott.

6.2 Secuenciación do curso – 2º Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

O1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.

O2. Demostrar sensibilidade auditiva recoñecendo a calidade do son e a afinación, identificando se está alto ou baixo e sendo capaz de entoar as pezas propostas.

O3. Interpretar o repertorio proposto respectando as indicacións da partitura (matices, pizz, ligaduras) cunha afinación estable e unha calidade sonora adecuada.

O4. Adquirir e desenvolver progresivamente mediante o estudo de escalas, arpexios e exercicios específicos destrezas técnicas que favorezan as capacidades interpretativas (tódalas formacións da man esquerda e primeira posición, combinación diferentes ritmos e golpes de arco básicos)

O5. Interpretar estudos e obras en tódalas formacións da man esquerda, golpes de arco simples, matices elementais, a só, con acompañamento de piano e tamén en grupo.

O6. Demostrar facilidade na memorización e lectura a vista de repertorio apropiado a este nivel

O7. Coñecer as partes do instrumento e do arco, poñer en práctica as pautas básicas de limpeza e mantemento do mesmo e coidar do material de traballo.

O8. Interpretar en público e de memoria un repertorio acorde con este nivel

O9. Desenvolver técnicas de estudio correctas e eficaces: organización do tempo, traballo autónomo, constante auto avaliación e escoita activa; e amosarse receptivo ás indicacións do docente

6.2.2 Contidos

C1. Posición do corpo e do instrumento

C1.1 Exercicios para a consecución dun bo equilibrio corporal e control muscular.

C1.2 Exercicios para a correcta colocación do arco e da viola.

C2. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son e afinación estable.

C2.1 Identificación de fallos no son e calidade constante na produción do mesmo.

C2.2 Profundización sobre a afinación do instrumento de xeito autónomo.

C3. Profundización sobre as características e mantemento do instrumento.

C4. Colocación da man esquerda e dominio de tódalas formacións na primeira posición.

C4.1 Escalas e arpejos correspondentes a estas formacións.

C4.2 Exercicios preparatorios para os cambios de posición

C4.3 Exercicios preparatorios para o uso do vibrato.

C4.4 Iniciación aos intervalos de 3a, 4a y 6a.

C4.5 Iniciación aos harmónicos naturais.

C4.6 Exercicios de independencia e articulación dos dedos

C5. Producción sonora

C5.1 Exercicios para procurar un bo punto de contacto, correcta distribución do arco e aplicación das distintas articulacións.

C5.2 Continuación dos exercicios de cambio de corda.

C5.3 Golpes de arco básicos: detaché, martelé e legato.

C6. Pizzicatos coas dúas mans.

C7. Ampliación dos recursos musicais e expresivos.

C7.1 Profundización na execución de diferentes matices e dinámicas.

C7.2 Comprensión e aplicación dos distintos termos musicais que aparecen no repertorio traballado (a tempo, da capo, dolce, tempo l...).

C8. Memorización de obras ou estudos do nivel correspondente.

C9. Desenvolvemento da lectura a primeira vista.

C9.1 Continuación na lectura da clave de Do en 3a liña

C10. Interpretación de obras que presentes as esixencias técnicas correspondentes a este nivel

C11. Interpretación en público e de memoria coñecendo o protocolo de concerto e con capacidade comunicativa (a só, en grupo ou con acompañamento de piano).

C12. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces: regularidade diaria na práctica de estudo, traballo autónomo, estudo lento e escoita activa; e asimilación das indicacións do docente con atención e interese

6.2.3 Avaliación

A avaliación realizarase dende os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2º da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008, e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

A avaliación inicial ou diagnóstica determinará en que punto de aprendizaxe se atopa o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e

en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A avaliación continua realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A avaliación final levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

Criterios de avaliación

CA1. Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual CT, CAc

CA2. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos CT

CA3. Amosar o dominio de tódalas formacións da man esquerda CT

CA4. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria CE

CA5. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces CAc

CA6. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son CT

CA7. Interpretar en público e de memoria, obras representativas do seu nivel amosando confianza e respectando o protocolo de concerto CAc

CA8. Interpretar obras do curso, respectando as indicacións da partitura e amosando unha afinación estable e son adecuado CT, CE

CA9. Realizar un bo coidado e mantemento do instrumento e do material de traballo CAc

CA10. Prestar atención ás indicacións do docente e mostrar interese nunha boa execución das mesmas CAc

CA11. Amosar facilidade na lectura a vista de fragmentos sinxelos CT

CA12. Amosar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos CT

CA13. Amosar unha boa articulación e independencia dos dedos da man esquerda e coordinación co movemento do arco CT

CAc: Criterio actitudinal / CT: Criterio técnico / CE: Criterio estético

Mínimos esixibles

– Adquirir unha posición correcta do instrumento e do arco mantendo unha boa postura corporal e economía muscular

- Aplicar nas obras e estudos unha boa distribución de arco de xeito deliberado
- Dominar tódolos golpes de arco traballados e combinacións dos mesmos, coidando a calidade sonora.
- Amosar o dominio de tódalas formacións da man esquerda na primeira posición.
- Adquirir unha posición relaxada da man esquerda e unha boa coordinación co movemento do arco
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica: arco paralelo á ponte, afinación estable e ritmo correcto.
- Amosar unha sensibilidade auditiva que permita recoñecer unha boa calidade sonora e afinación xusta.
- Interpretar en público e de memoria un repertorio adecuado ao nivel como mínimo nunha audición durante o curso
- Estudar e interpretar de memoria correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre

- Escalas da 1ª, 2ª e 3ª Formación con arpexios combinando golpes de arco e ritmos sinxelos.
- Pequenos exercicios de técnica.
- Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co/coa profesor/a.

Segundo trimestre

- Escalas da 4ª Formación de 1 octava combinando golpes de arco e ritmos sinxelos.
- Pequenos exercicios de técnica
- Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co/coa profesor/a.

○ Terceiro trimestre

- Escalas na 1ª, 2ª, 3ª e 4ª Formación de 1-2 octavas con arpexios combinando golpes de arco e ritmos sinxelos.
- Pequenos exercicios de técnica
- Dúas pezas breves do listado de recursos do curso consensuadas co/coa profesor/a.
- Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos

Coa finalidade de adaptarse a cada situación e ás necesidades do alumnado, os procedementos e ferramentas de avaliación serán múltiples e variadas. Os principais procedementos serán:

a) Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados da aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o profesorado pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumnado, esencial para a súa correcta avaliación.

b) Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que esquecer que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, o profesorado da especialidade de viola organizarán, ao longo do curso, audicións, probas e concertos, todos istos de carácter público, co fin de que o alumnado poida demostrar a asimilación e o desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando só, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros/as profesores/as de especialidades afines para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre o alumnado e a unificación de criterios entre o profesorado, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias. Proporase ao alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis á hora de avaliar ao alumnado.

c) Outras. A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensa e sabe, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar ao alumnado e o

análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

Ferramentas de avaliación

- Rexistro do profesorado. Onde se anotarán comentarios e análises sobre os avances, así como as cualificacións de cada sesión.
- Diario de estudo do discente. Organizaranse os obxectivos semanais. O discente será o responsable de organizar o traballo día a día na libreta, así como de apuntar as dúbidas que lle poidan xurdir durante o estudo, revisándose todo posteriormente en cada clase.
- Gravacións de audio e vídeo. Sempre que se conte coa autorización das familias, as clases, ensaios e audicións serán gravadas, permitíndolle ao discente visualizalas posteriormente. Será un instrumento imprescindible para adquirir unha maior autonomía e un sentido crítico de carácter construtivo e obxectivo. O profesorado terá tamén a ocasión de realizar posteriores escoitas que lle axudarán a avaliar dun xeito máis xusto e analítico.

Criterios de cualificación

Nos **Procedementos Ordinarios**, a nota trimestral será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliábeis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Traballo semanal: 60%	Audición: 40%
Criterios técnicos: 45%	Criterios técnicos: 45%
Criterios estéticos: 35%	Criterios estéticos: 35%
Criterios actitudinais: 20%	Criterios actitudinais: 20%

No caso de non ter realizado audición nese trimestre, a porcentaxe do traballo semanal pasará a ser do 100%.

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Nas **Probas Extraordinarias, ampliación de matrícula e alumnado que non asiste regularmente ás clases** (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), aplicarase as seguintes porcentaxes:

Proba Extraordinaria: 100%
Criterios técnicos: 60%
Criterios estéticos: 40%

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os docentes de tódalas materias consideren que pode superar os do seguinte; o protocolo para seguir está detallado nos anexos (9.6).

O/A titor/a do alumnado que desexe ampliar matrícula deberá poñerse en contacto co resto do profesorado ao comezo do curso e dentro dos prazos estipulados polo Centro.

A proba de Viola consistirá na presentación dun programa de tres pezas do curso que quere superar; as pezas poderán ser consultadas no apartado [6.2.5. Recursos didácticos orientativos](#) e terán que ser cotexadas e aprobadas polo/a docente con tempo suficiente.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumnado supere os obxectivos e contidos do curso de tódalas materias

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos/as titores/as do alumnado...

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero no caso do alumnado que non asista de xeito regular a clase (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), este terá que interpretar un

repertorio de tres pezas o cal deberá ser consensuado e aprobado polo/a docente; de igual xeito, tamén fixarán un día e hora para a realización da proba que deberá ser antes de finalizar o III Trimestre, sendo preferentemente o día da semana e hora marcado no horario ao inicio do curso. O repertorio orientativo está a disposición do alumnado no derradeiro apartado de cada curso desta programación ("Recursos didácticos orientativos"). O alumnado deberá aportar o pianista acompañante, no caso de ser necesario.

Probas extraordinarias

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán amosar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

O repertorio para a proba extraordinaria deberá acordarse co docente será notificado no seu correspondente informe de avaliación negativo, entregado xunto co boletín de notas ou enviado a través da plataforma Centros-Net.

6.2.5 Recursos didácticos orientativos

Cohen, M.: Superstudies for viola, book I. Faber.

Colledge, K. and H.: Fast forward. Boosey & Hawkes.

Hartung-Ehlert, H.: Gemeinsam von Anfang an. Bärenreiter.

Hofmann, R. : Estudios Op. 86. Peters

Mateu, E.: Escalas y arpeggios. Real Musical.

Nelson, Sh.: Piece by piece. Boosey & Hawkes.

Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.

Sassmannshaus, E. and K.: Early Start on the Viola. Baerenreiter.

Suzuki: Suzuki Viola School. Warner Bros Publ. Inc.

Volmer, B.: Bratschenschule, vol. I-II Schott.

Wohlfahrt: Estudios Op. 45. Peters.

6.3 Secuenciación do curso – 3º Grao Elemental

6.3.1 Obxectivos

O1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.

O2. Demostrar sensibilidade auditiva recoñecendo a calidade do son e a afinación, identificando se está alto ou baixo e sendo capaz de entoar as pezas propostas.

O3. Interpretar o repertorio proposto respectando as indicacións da partitura (matices, pizz, ligaduras) cunha afinación estable e unha calidade sonora adecuada.

O4. Adquirir e desenvolver progresivamente mediante o estudio de escalas, arpexios e exercicios específicos destrezas técnicas que favorezan as capacidades interpretativas (cambios ata 3a posición, golpes de arco variados, distribución de arco e combinacións de ritmos)

O5. Interpretar estudos e pezas a só, en grupo ou con acompañamento de piano, que inclúan todas as formacións dos dedos da man esquerda e con cambios de posición, golpes de arco variados e respectando as indicacións de fraseo.

O6. Amosar facilidade na memorización e lectura a primeira vista de repertorio apropiado neste nivel.

O7. Coñecer as partes do instrumento e do arco, poñer en práctica as pautas básicas de limpeza e mantemento do mesmo e coidar do material de traballo.

O8. Interpretar en público e de memoria un repertorio acorde con este nivel

O9. Desenvolver técnicas de estudio correctas e eficaces: organización do tempo, traballo autónomo, constante auto avaliación e escoita activa; e amosarse receptivo ás indicacións do docente.

6.3.2 Contidos

C1. Posición do corpo e do instrumento

C1.1 Exercicios para a consecución dun bo equilibrio corporal e control muscular.

C1.2 Exercicios para a correcta colocación do arco e da viola.

C2. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son e afinación estable.

C2.1 Identificación de fallos no son e calidade constante na produción do mesmo.

C2.2 Profundización sobre a afinación do instrumento de xeito autónomo

C3. Profundización sobre as características e mantemento do instrumento.

C4. Colocación da man esquerda e dominio de tódalas formacións na 1a, 2a e 3a posición.

- C4.1 Escalas e arpexios maiores e menores con cambios de posición
- C4.2 Exercicios de cambios de posición (2a e 3a posición)
- C4.3 Iniciación do uso do vibrato e súa aplicación nos estudos e obras
- C4.4 Exercicios de iniciación ás dobres cordas
- C4.5 Continuación no traballo dos harmónicos naturais
- C4.6 Práctica de cromatismos e exercicios de 3a, 4a y 6a rotas.

C5. Producción sonora

- C5.1 exercicios para procurar un bo punto de contacto, correcta distribución do arco e aplicación das distintas articulacións.
- C5.2 Perfeccionamento dos exercicios de cambio de corda.
- C5.3 Ampliación dos golpes de arco: detaché, martelé e legato. Iniciación no spiccato.

C6. Desenvolvemento da velocidade da man esquerda.

- C6.1 Exercicios para a articulación e independencia dos dedos da man esquerda.
- C6.2 Exercicios de coordinación de ambas mans
- C6.3 Iniciación ao trino.

C7. Ampliación dos recursos musicais e expresivos.

- C7.1 Profundización na execución de diferentes matices e dinámicas.
- C7.2 Comprensión e aplicación dos distintos termos musicais que aparecen no repertorio traballado (a tempo, da capo, dolce, tempo l...).

C8. Memorización de obras ou estudos do nivel correspondente.

C9. Desenvolvemento da lectura a primeira vista.

- C9.1 Dominio da lectura na clave de Do en 3ª liña

C10. Interpretación de obras que presentes as esixencias técnicas correspondentes a este nivel

C11. Interpretación en público e de memoria coñecendo o protocolo de concerto e con capacidade comunicativa (a só, en grupo ou con acompañamento de piano).

C12. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces: regularidade diaria na práctica de estudo, traballo autónomo, estudo lento e escoita activa; asimilación das indicacións do docente con atención e interese.

6.3.3 Avaliación

A avaliación realizarase dende os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2o da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

A avaliación inicial ou diagnóstica determinará en que punto de aprendizaxe se atopa o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A avaliación continua realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A avaliación final levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

Criterios de avaliación

CA1. Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual CT, CAc

CA2. Coñecer e dominar os golpes de arco e combinacións dos mesmos aprendidos durante o curso e empregar de xeito consciente e deliberado unha distribución de arco adecuada ás necesidades técnicas e musicais CT

CA3. Amosar o dominio de tódalas formacións da man esquerda CT

CA4. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria CE

CA5. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces CAc

CA6. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son CT

CA7. Interpretar en público e de memoria, obras representativas do seu nivel amosando confianza e respectando o protocolo de concerto CAc

CA8. Interpretar obras do curso, respectando as indicacións da partitura e mostrando unha afinación xusta e son adecuado CT, CE

CA9. Realizar un bo coidado e mantemento do instrumento e do material de traballo CAc

CA10. Prestar atención ás indicacións do docente e mostrar interese nunha boa execución das mesmas CAc

CA11. Amosar facilidade na lectura a vista de fragmentos sinxelos CT

CA12. Amosar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos. CT

CA13. Amosar fluidez e movementos libres de tensión nos cambios de posición e realízalos cunha afinación xusta.

CA14. Amosar unha boa articulación e independencia dos dedos da man esquerda e coordinación co movemento do arco

CAC: Criterio actitudinal / CT: Criterio técnico / CE: Criterio estético

Mínimos esixibles

- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do arco mantendo unha boa postura corporal e economía muscular

- Aplicar nas obras e estudos unha boa distribución de arco de xeito deliberado

- Amosar o dominio de tódalas formacións da man esquerda na primeira, segunda e terceira posición.

- Adquirir unha posición relaxada da man esquerda e unha boa articulación e coordinación co movemento do arco

- Dominar os cambios de posición realizando un movemento fluído e cunha afinación xusta.

- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica: arco paralelo á ponte, afinación estable e ritmo correcto.

- Amosar unha sensibilidade auditiva que permita recoñecer unha boa calidade sonora e afinación xusta.

- Interpretar en público e de memoria un repertorio adecuado ao nivel como mínimo nunha audición durante o curso

- Dominar tódolos golpes de arco traballados e combinacións dos mesmos, coidando a calidade sonora.

- Estudiar e interpretar de memoria correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre

- Escalas en tódalas formacións (en 1ª e media posición) con arpexios combinando golpes de arco e ritmos.
- Exercicios de técnica.
- Dúas obras ou estudos do nivel correspondente.

Segundo trimestre

- Escalas en tódalas formacións (en 1ª, media e 3ª posición) con arpexios, combinando golpes de arco e ritmos.
- Exercicios de técnica
- Dúas obras ou estudos do nivel correspondente.

Terceiro trimestre

- Escalas con arpexios en tódalas formacións (en 1ª, media e 3ª posición), combinando golpes de arco e ritmos.
- Exercicios de técnica
- Dúas obras ou estudos do nivel correspondente.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos

Coa finalidade de adaptarse a cada situación e ás necesidades do alumnado, os procedementos e ferramentas de avaliación serán múltiples e variadas. Os principais procedementos serán:

a) Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o profesorado pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumnado, esencial para a súa correcta avaliación.

b) Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que esquecer que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, o profesorado da especialidade de viola organizarán, ao longo do curso, audicións, probas e concertos, todos istos de carácter público, co fin de que o alumnado poida demostrar a asimilación e o

desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando só, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros/as profesores/as de especialidades afines para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre o alumnado e a unificación de criterios entre o profesorado, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias. Proporase ao alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis á hora de avaliar ao alumnado.

c) Outras. A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensa e sabe, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar ao alumnado e o análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

Ferramentas de avaliación

Rexistro do profesorado. Onde se anotarán comentarios e análises sobre os avances, así como as cualificacións de cada sesión.

Diario de estudo do discente. Organizaranse os obxectivos semanais. O discente será o responsable de organizar o traballo día a día na libreta, así como de apuntar as dúbidas que lle poidan xurdir durante o estudo, revisándose todo posteriormente en cada clase.

Gravacións de audio e vídeo. Sempre que se conte coa autorización das familias, as clases, ensaios e audicións serán gravadas, permitíndolle ao discente visualizalas posteriormente. Será un instrumento imprescindible para adquirir unha maior autonomía e un sentido crítico de carácter construtivo e obxectivo. O profesorado terá tamén a ocasión de realizar posteriores escoitas que lle axudarán a avaliar dun xeito máis xusto e analítico.

Criterios de cualificación

Nos **Procedementos Ordinarios**, a nota trimestral será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliábeis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Traballo semanal: 60%	Audición: 40%
Criterios técnicos: 45%	Criterios técnicos: 45%
Criterios estéticos: 35%	Criterios estéticos: 35%
Criterios actitudinais: 20%	Criterios actitudinais: 20%

No caso de non ter realizado audición nese trimestre, a porcentaxe do traballo semanal pasará a ser do 100%.

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Nas **Probas Extraordinarias, ampliación de matrícula e alumnado que non asiste regularmente ás clases** (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), aplicarase as seguintes porcentaxes:

Proba Extraordinaria: 100%
Criterios técnicos: 60%
Criterios estéticos: 40%

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os docentes de tódalas materias consideren que pode superar os do seguinte; o protocolo para seguir está detallado nos anexos (9.6).

O/A titor/a do alumnado que desexe ampliar matrícula deberá poñerse en contacto co resto do profesorado ao comezo do curso e dentro dos prazos estipulados polo Centro.

A proba de Viola consistirá na presentación dun programa de tres pezas do curso que quere superar; as pezas poderán ser consultadas no apartado **6.3.5. Recursos didácticos orientativos** e terán que ser cotexadas e aprobadas polo/a docente con tempo suficiente.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumnado supere os obxectivos e contidos do curso de tódalas materias

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos/as titores/as do alumnado...

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero no caso do alumnado que non asista de xeito regular a clase (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), este terá que interpretar un repertorio de tres pezas o cal deberá ser consensuado e aprobado polo/a docente; de igual xeito, tamén fixarán un día e hora para a realización da proba que deberá ser antes de finalizar o III Trimestre, sendo preferentemente o día da semana e hora marcado no horario ao inicio do curso. O repertorio orientativo está a disposición do alumnado no derradeiro apartado de cada curso desta programación ("Recursos didácticos orientativos"). O alumnado deberá aportar o pianista acompañante, no caso de ser necesario.

Probas extraordinarias

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán amosar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

O repertorio para a proba extraordinaria deberá acordarse co docente será notificado no seu correspondente informe de avaliación negativo, entregado xunto co boletín de notas ou enviado a través da plataforma Centros-Net.

6.3.5 Recursos didácticos orientativos

Cohen, M.: Superstudies for viola, book II. Faber.

Colledge, K. and H.: Fast forward. Boosey & Hawkes.

Corrette, M.: Menuett. Schott VAB 39

Hartung-Ehlert, H.: Gemeinsam von Anfang an. Bärenreiter.

Hofmann, R. : Estudios Op. 86. Peters.

Mackay, N.: Position changing for the viola. Oxford university Press.

Mateu, E.: Escalas y arpeggios. Real Musical.

Nelson, Sh.: Piece by piece. Boosey & Hawkes.

Nelson, Sh.: Technitunes. Boosey & Hawkes.

Nelson, Sh.: Keytunes. Boosey & Hawkes.

Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.

Sassmannshaus, E. and K.: Early Start on the Viola. Baerenreiter.

Suzuki: Suzuki Viola School. Warner Bros Publ. Inc.

Volmer, B.: Bratschenschule, Schott.

Wohlfahrt: Estudios Op. 45. Peters.

6.4 Secuenciación do curso – 4º Grao Elemental

6.4.1 Obxectivos

O1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.

O2. Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

O3. Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

O4. Adquirir e desenvolver progresivamente mediante o estudo de escalas, arpexios e exercicios específicos destrezas técnicas que favorezan as capacidades interpretativas.

O5. Interpretar (a só, en grupo ou con acompañamento de piano) estudos e obras de diferentes épocas e estilos, que inclúan esixencias técnicas do nivel correspondente (cambios de posición, vibrato, expresividade, golpes de arco variados, trinos) respectando as indicacións da partitura.

O6. Demostrar facilidade na lectura a primeira vista de fragmentos apropiados para este nivel.

O7. Coñecer as partes do instrumento e do arco, poñer en práctica as pautas básicas de limpeza e mantemento do mesmo e coidar do material de traballo.

O8. Afianzar técnicas de estudo correctas e eficaces: organización do tempo, traballo autónomo, constante auto avaliación e escoita activa; e amosarse receptivo ás indicacións do docente.

O9. Interpretar en público fomentando o uso da memoria, capacidade comunicativa e expresiva e respectando o protocolo de concerto.

O10. Demostrar unha conciencia corporal procurando unha economía muscular e movementos fluídos e libres de tensión.

O11. Adquirir unha boa articulación nos dedos da man esquerda e unha maior velocidade de execución mantendo a man relaxada.

O12. Promover a práctica individual e de conxunto, como medio para fomentar o traballo cooperativo, a solidariedade e o respecto polas achegas dos outros.

O13. Perfeccionar os cambios á 2ª e 3ª posición e introducir a 4ª posición con escalas e exercicios específicos.

O14. Dominar tódolos golpes de arco traballados, mantendo unha boa calidade sonora e unha distribución de arco adecuada ás necesidades expresivas e de fraseo.

O15. Afianzar o uso do vibrato e dos diferentes tipos

6.4.2 Contidos

C1. Posición do corpo e do instrumento

C1.1 Exercicios para a consecución dun bo equilibrio corporal e control muscular.

C1.2 Exercicios para a correcta colocación do arco e da viola.

C2. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son e afinación estable.

C2.1 Identificación de fallos no son e calidade constante na produción do mesmo.

C2.2 Profundización sobre a afinación do instrumento de xeito autónomo

C3. Profundización sobre as características e mantemento do instrumento.

C4. Colocación da man esquerda e dominio de tódalas formacións na 1ª - 3ª posición.

C4.1 Escalas e arpexios maiores e menores con cambios de posición

C4.2 Exercicios de perfeccionamento dos cambios de posición. Introducción á 4ª posición.

C4.3 Profundización no uso do vibrato e os seus diferentes tipos. Aplicación nos estudos e obras

C4.4 Profundización no traballo das dobres cordas

C4.5 Continuación no traballo dos harmónicos naturais

C4.6 Práctica de cromatismos e exercicios de 3ª, 4ª y 6ª rotas.

C5. Produción sonora

C5.1 Exercicios para procurar un bo punto de contacto, correcta distribución do arco

e aplicación das distintas articulacións.

C5.2 Perfeccionamento dos exercicios de cambio de corda.

C5.3 Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, martelé e legato, spiccato.

C6. Desenvolvemento da velocidade da man esquerda.

C6.1 Exercicios para a articulación e independencia dos dedos da man esquerda.

C6.2 Práctica do trino.

C7. Ampliación dos recursos musicais e expresivos.

C7.1 Profundización na execución de diferentes matices e dinámicas.

C7.2 Comprensión e aplicación dos distintos termos musicais que aparecen no repertorio traballado (a tempo, da capo, dolce, tempo l...).

C7.3 Exercicios de vibrato e os seus diferentes tipos

C8. Entrenamento permanente y progresivo da memoria. Memorización de obras ou estudos do nivel correspondente.

C9. Desenvolvemento da lectura a primeira vista.

C9.1 Dominio da lectura na clave de Do en 3a liña

C10. Interpretación de obras que presenten esixencias técnicas correspondentes a este nivel

C11. Interpretación en público coñecendo o protocolo de concerto e mostrando capacidade comunicativa (a só, en grupo ou con acompañamento de piano).

C12. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces: regularidade diaria na práctica de estudo, traballo autónomo, estudo lento e escoita activa; e asimilación das indicacións do docente con atención e interese.

C13. Práctica de conxunto: dous, tres e catro voces. Coñecemento e comprensión dos xestos necesarios para tocar en grupo. Adaptación ao conxunto cunha boa afinación e ritmo.

6.4.3 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2o da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

A avaliación inicial ou diagnóstica determinará en que punto de aprendizaxe se atopa o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A avaliación continua realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A avaliación final levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

Criterios de avaliación

CA1. Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual CT, CAc

CA2. Coñecer e dominar tódolos golpes de arco traballados e combinacións dos mesmos e empregar de xeito consciente e deliberado unha distribución de arco adecuada ás necesidades técnicas e musicais CT

CA3. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria CE

CA4. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces CAc

CA5. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son CT

CA6. Interpretar en público e de memoria, obras representativas do seu nivel amosando confianza e respectando o protocolo de concerto CAc

CA7. Interpretar obras do curso, respectando as indicacións da partitura e presentando unha afinación xusta e son adecuado CT, CE

CA8. Realizar un bo coidado e mantemento do instrumento e do material de traballo CAc

CA9. Prestar atención ás indicacións do docente e mostrar interese nunha boa execución das mesmas CAc

CA10. Amosar facilidade na lectura a vista de fragmentos sinxelos CT

CA11. Amosar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos. CT

CA12. Amosar fluidez e movementos libres de tensión nos cambios de posición e realízalos cunha afinación xusta.

CA13. Amosar unha boa articulación e independencia dos dedos da man esquerda e coordinación co movemento do arco

CA14. Empregar o vibrato nos seus diferentes tipos acorde ás necesidades expresivas no repertorio traballado

CA15. Amosar unha boa comunicación xestual na práctica de conxunto, sensibilidade auditiva e capacidade de reacción e axuste na interpretación.

CAc: Criterio actitudinal / CT: Criterio técnico / CE: Criterio estético

Mínimos esixibles

- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do arco mantendo unha boa postura corporal e economía muscular

- Aplicar nas obras e estudos unha boa distribución de arco de xeito deliberado

- Amosar o dominio de tódalas formacións da man esquerda nas primeiras 3 posicións

- Adquirir unha posición relaxada da man esquerda e unha boa articulación e coordinación co movemento do arco

- Dominar os cambios de posición realizando un movemento fluído e cunha afinación xusta.

- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica: arco paralelo á ponte, afinación estable e ritmo correcto.

- Amosar unha sensibilidade auditiva que permita recoñecer unha boa calidade sonora e afinación xusta.

- Interpretar en público e de memoria un repertorio adecuado ao nivel como mínimo nunha audición durante o curso

- Dominar tódolos golpes de arco traballados e combinacións dos mesmos, coidando a calidade sonora.

- Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.

- Manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoitar de maneira activa ao resto dos instrumentos do conxunto musical.

- Empregar o vibrato no repertorio traballado

- Estudiar e interpretar de memoria correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre

- Escalas en tódalas formacións (ata 3ª posición) con arpeixos combinando golpes de arco e ritmos.
- Exercicios de técnica.
- Dúas obras ou estudos do nivel correspondente.

Segundo trimestre

- Escalas en tódalas formacións (ata 4ª posición) con arpeixos, combinando golpes de arco e ritmos.
- Exercicios de técnica
- Dúas obras ou estudos do nivel correspondente.

Terceiro trimestre

- Escalas con arpeixos en tódalas formacións (ata 4ª posición) con arpeixos), combinando golpes de arco e ritmos.
- Exercicios de técnica
- Dúas obras ou estudos do nivel correspondente.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos

Coa finalidade de adaptarse a cada situación e ás necesidades do alumnado, os procedementos e ferramentas de avaliación serán múltiples e variadas. Os principais procedementos serán:

a) Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o profesorado pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumnado, esencial para a súa correcta avaliación.

b) Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que esquecer que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, o profesorado da especialidade de viola organizarán, ao longo do curso, audicións, probas e concertos, todos istos de carácter público, co fin de que o alumnado poida demostrar a asimilación e o desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando só, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros/as profesores/as de especialidades afines para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre o alumnado e a unificación de criterios entre o profesorado, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias. Proporase ao alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis á hora de avaliar ao alumnado.

c) Outras. A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensa e sabe, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar ao alumnado e o análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

Ferramentas de avaliación

Rexistro do profesorado. Onde se anotarán comentarios e análises sobre os avances, así como as cualificacións de cada sesión.

Diario de estudo do discente. Organizaranse os obxectivos semanais. O discente será o responsable de organizar o traballo día a día na libreta, así como de apuntar as dúbidas que lle poidan xurdir durante o estudo, revisándose todo posteriormente en cada clase.

Gravacións de audio e vídeo. Sempre que se conte coa autorización das familias, as clases, ensaios e audicións serán gravadas, permitíndolle ao discente visualizalas posteriormente. Será un instrumento imprescindible para adquirir unha maior autonomía e un sentido crítico de carácter construtivo e obxectivo. O profesorado terá tamén a ocasión de realizar posteriores escoitas que lle axudarán a avaliar dun xeito máis xusto e analítico.

Criterios de cualificación

Nos **Procedementos Ordinarios**, a nota trimestral será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Traballo semanal: 60%	Audición: 40%
Criterios técnicos: 45%	Criterios técnicos: 45%
Criterios estéticos: 35%	Criterios estéticos: 35%
Criterios actitudinais: 20%	Criterios actitudinais: 20%

No caso de non ter realizado audición nese trimestre, a porcentaxe do traballo semanal pasará a ser do 100%.

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

Nas **Probas Extraordinarias** e **alumnado que non asiste regularmente ás clases** (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), aplicarase as seguintes porcentaxes:

Proba Extraordinaria: 100%
Criterios técnicos: 60%
Criterios estéticos: 40%

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos/as titores/as do alumnado...

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero no caso do alumnado que non asista de xeito regular a clase (ter o 50% ou máis de faltas de asistencia, xustificadas e/ou non xustificadas ao finalizar o II Trimestre), este terá que interpretar un repertorio de tres pezas o cal deberá ser consensuado e aprobado polo/a docente; de igual xeito, tamén fixarán un día e hora para a realización da proba que deberá ser antes de finalizar o III Trimestre, sendo preferentemente o día da semana e hora marcado no horario ao inicio do curso. O repertorio orientativo está a disposición do alumnado no derradeiro apartado de cada curso desta programación ("Recursos didácticos orientativos"). O alumnado deberá aportar o pianista acompañante, no caso de ser necesario.

Procedementos de recuperación extraordinarios

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán amosar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

O repertorio para a proba extraordinaria deberá acordarse co docente será notificado no seu correspondente informe de avaliación negativo, entregado xunto co boletín de notas ou enviado a través da plataforma Centros-Net.

6.4.5 Recursos didácticos orientativos

- Bach, J.S.: Minueto I y II (1a Suite para violonchelo solo). Chester Music.

- Bach, J.S.: Bourrée I y II (3a Suite para violonchelo solo). Chester Music.
- Cohen, M.: Superstudies for viola, book II. Faber.
- Cohen, M.: Technique takes off!. Faber.
- Corrette, M.: Zwei sonaten. Schott VAB 39.
- Fiocco, H.: Allegro. Bosworth.
- Forbes, W.: A first book of scales and arpeggios for viola players. OUP.
- Hartung-Ehlert, H.: Gemeinsam von Anfang an. Bärenreiter.
- Hofmann, R. : Estudios Op. 86. Peters.
- Mackay, N.: Position changing for the viola. Oxford university Press.
- Mackay, N.: Easy position tunes for viola. Oxford university Press.
- Marcello, B.: Sonata en Do maior para viola y continuo. IMC.
- Mateu, E.: Escalas y arpeggios. Real Musical.
- Nelson, Sh.: Technitunes. Boosey & Hawkes.
- Nelson, Sh.: Keytunes. Boosey & Hawkes.
- Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.
- Suzuki: Suzuki Viola School. Warner Bros Publ. Inc.
- Telemann, G. Ph.: Concerto en Sol Maior para viola e orquestra. Bärenreiter.
- Uhl, A.: Dreiig Etden fr Viola. Schott VAB 44.
- Vivaldi, A.: Sonata en Mi menor RV 40. IMC.
- Volmer, B.: Bratschenschule, Schott.
- Wohlfahrt: Estudios Op. 45. Peters.
- Varios: L'Alto Classique, Vol B. Comb

6.5 Secuenciación do curso – 1º Grao Profesional

6.5.1 Obxectivos (en grosso os mínimos exixibles).

- **Desenvolver e aumentar a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda, coidando as posturas corporais que permitirán o desenvolvemento de dita técnica, tratando de ser conscientes do correcto uso do propio corpo (relaxación, emprego da mínima enerxía necesaria, etc.)**

- **Interpretar fragmentos musicais empregando medida e afinación correctas.**

- **Amosar nos estudos e nos fragmentos musicais a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.**

- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquisición das técnicas de estudo axeitadas que permitan a autonomía no traballo e na valoración do mesmo.

- Desenvolver o hábito da memorización e da interpretación en público como técnica de traballo.

- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista que permita a participación nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.

- Desenvolver un método de traballo e estudo persoal para convertelo nun hábito permanente.

- **Interpretar unha selección de estudos e obras a só e/ou con acompañamento de piano e outros instrumentos, de diferentes épocas e estilos de acordo cunha dificultade propia deste nivel, ademais doutros exercicios (escalas, arpexios, escalas en dobres cordas, etc.) que determine o/a profesor/a.**

6.5.2 Contidos (en grosso os mínimos exixibles).

- **Golpes de arco básicos, tanto á corda, como saltados (legato, martelé, spiccato...).**

- Coñecemento do repertorio do período barroco e as súas características principais.

- Lectura a primeira vista.

- **Desenvolvemento do fraseo, son e vibrato.**

- **Evolución da afinación**

- **Cambios de posición**

- **Velocidade e distribución de arco**

- Arpexios e introdución ás dobres cordas e harmónicos naturais.

- Interpretación en conxunto

- **Interpretación de obras axeitadas nas que se afondará en aspectos como tempo, dinámicas, fraseo...**

- **Velocidade de man esquerda**
- Memoria

De xeito orientativo, para acadar estes obxectivos e contidos, programárase a seguinte secuenciación por trimestre:

I TRIMESTRE

Traballo dunha escala (brancas, negras, corcheas...) e arpexio (brancas, negras...)

Estudo técnico

Exercicios técnicos

Tempo ou tempos dunha sonata ou concerto.

II TRIMESTRE

Traballo dunha escala (brancas, negras, corcheas...), arpexio (brancas, negras...) e sobre unha corda

Estudo técnico

Exercicios técnicos

Evolución das obras traballadas no trimestre anterior (sonata ou concerto)

III TRIMESTRE

Traballo dunha escala (brancas, negras, corcheas...), arpexio (brancas, negras...) e sobre unha corda e iniciación ás dobres cordas en escalas (terceiras, sextas, octavas...)

Estudo técnico

Exercicios técnicos

Evolución das obras traballadas no trimestre anterior (sonata ou concerto)

6.5.3 Avaliación

Criterios de avaliación (en goso os mínimos exixibles).

- Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual a través do interese e o esforzo (CA)

- **Amosar cambios de posición de xeito fluído e relaxado (CT)**

- **Control e execución de golpes de arco básicos, tanto á corda, como saltados (legato, martelé, spiccato...) (CT)**

- Desenvolver e amosar fluidez na lectura a primeira vista de pasaxes axeitados ao curso no que nos atopamos (CT)

- **Desenvolver as nocións de fraseo, son e vibrato mediante estudos e obras axeitadas (CT – CE)**

- **Dominar a afinación (CT)**

- **Amosar un control da velocidade e distribución de arco e da man esquerda (CT - CE)**
- **Interpretar repertorio do período barroco e coas súas características principais (CT - CE)**
 - Interpretar en conxunto as exercicios, estudos e/ou obras (CT - CE)
 - Utilizar a memoria como recurso técnico-musical (CT)
 - **Utilizar o vibrato nas diferentes pezas (CT - CE)**
 - **Amosar un son acorde fluído e controlado (CT)**
 - **Amosar un control da velocidade e distribución de arco e da man esquerda (CT - CE)**
- **Executar dobres cordas e harmónicos naturais de xeito correcto (CT)**

Mínimos esixibles

Estes mínimos están marcados nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación en groso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao longo do curso se avaliará ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións:

- **inicial:** para coñecer o nivel do alumnado no curso que comeza e detectar todas aquelas necesidades que poidan afectar ao proceso de ensinanza-aprendizaxe
- **continua ou sumativa:** ao longo do curso segundo a súa evolución actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades
- **final:** onde se terá en conta toda a súa evolución.

No caso do alumnado que non asista ás clases de xeito regular (que teña a metade ou máis de faltas xustificadas e/ou inxustificadas), este terá dereito a unha proba final.

Procedementos alternativos

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

- a) *Observación sistemática.* A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o/a profesor/a pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un

seguimento sistemático do desenvolvemento do alumnado, esencial para a súa correcta avaliación.

b) *Probas prácticas.* Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que esquecer que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, o profesorado da especialidade de viola organizará, ao largo do curso, audicións, probas e concertos, todos istos de carácter público, co fin de que o alumnado poidan demostrar a asimilación e o desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando só, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros/as profesores/as de especialidades afines para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre o alumnado e a unificación de criterios entre o profesorado, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias.

Propoñerase ao alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis a hora de avaliar ao alumnado.

c) *Outras.* A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensa e sabe, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar ao alumnado e o análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

Criterios de cualificación

✓ Nos Procedementos Ordinarios, **o alumnado que asista regularmente ás clases**, a nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

1.Criterios Técnicos - 45 % <u>CT</u>	2.Criterios Estéticos – 35 % <u>CE</u>	3. Criterios Actitudinais – 20% <u>CA</u>
Afinación Igualdade de golpes de arco Articulación Lectura a vista Posición corporal	Dinámicas Son Tempo Axeitar a interpretación aos diferentes estilos: golpes de arco, vibrato, etc. Planos sonoros	Puntualidade Atención ás indicacións do/a docente Protocolo de actuación nas actuación públicas. Implicación na materia Coidado do instrumento Indumentaria correcta no concerto e/ou actuacións que así o precisen por indicación do/a Docente.

As valoracións dos criterios de cualificación faranse en función dos seguintes indicadores:

Supera sobradamente os criterios propostos	9 - 10
Acada os criterios sen moita dificultade	7 - 8
Supera os criterios propostos e ten a posibilidade de mellorar	5 - 6
Non acada os criterios propostos, pero ten posibilidades de acadalos	3 - 4
Amosa moita dificultade para acadar os criterios propostos	1 - 2

A cualificación trimestral de cada alumno/a consistirá na suma e ponderación da valoración dos criterios de cualificación aquí amosados e que estarán reflectidos no Libro de Aula do docente, xunto coas notas e seguimento de cada unha das clases, audicións e/ou concertos do curso.

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota nos procedementos antes mencionados, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

